

## Os Alfaraces da Limia Salvador Zunzunegui Costas

Cada vez fálase máis dos cabalos galegos de monte, en bo castelán cervantino, *jacas galicianas*, e, en galego culto, *facas galizanas*. Tamén podemos felicitarnos pola recente creación da Asociación de Criadores que preside o señor alcalde de Oia e que impulsan co seu mecenazgo intelectual os *Cabaleiros de Galicia*, pero non debemos esquecer que en Galicia sempre se produciron cabalos de sela por riba da *marca* das sete cuartas (aproximadamente 1,47 centímetros) aptos para superiores servizos, entre outros a remonta da cabalería lixeira. A extrema austeridade en que se crían as nosas facas de monte fai que non cheguen a alcanzar a alzada das sete cuartas necesaria como mínimo para prestar servizo no exército, isto non quere dicir que sexan *ponys*, nome en absoluto inadecuado, aínda que todos sexamos libres de bautizalas como queiramos, pero a min, como a todos os que nos temos criado na Galicia rural e peiteamos canas, sóanos igual que chamar *Jonathan* ao rapaz que tería que chamarse Xoán ou Juan, coma o seu pai e o seu avó. *Poney* é o cabalo anano, e ao que estaba na escala de alzadas entre este e o cabalo superior á *marca*, chamóuselle, de sempre e en toda Europa, *jaca*, froito da aspiración do hache de *haca*, apócope, á súa vez doutra vella palabra castelá, vixente no dicionario da RAE, *hacanea*, de uso pouco frecuente, salvo que se lle ocorra visitar o museo do Prado e lle expliquen que, no xenial retrato ecuestre de Lucas Jordán, a raíña dona Mariana de Neoburgo, a mesma que entrou en España a ombros dun paisano de Mugaros o 27 de abril de 1690, cando o seu navío o Duke tiña encallado a causa dunha tempestade, cabalga sobre unha *hacanea* albina de ollos azuis. Esta palabra de orixe xermánica chegounos a través de Francia onde lle din *hacanée*, ao tempo que desembarcou nas illas británicas como *hackney*, lugar no que, polos caprichos da evolución semántica, se desviou para denominar unha raza concreta de cabalo de tiro de luxo e coa mecanización do transporte, mire vostede por onde, así chaman os ingleses aos taxis. Ao perder a palabra o seu sentido en Inglaterra, ocupou o seu oco o *poney*, que se viu obrigado a medrar para abarcar ás facas de *Exmoor* e *Dartmoor*, primas irmás en *faneras* e alzada das nosas.

Queda claro que a min non me gusta que lle chamen *ananos* aos nosos cabalos de monte, pero se esa parvada servise para comercializalos con maior eficacia, cousa que non creo, benvinda sexa. Pero gustaríame lembrar que en Galicia, e antes de reducir as nosas eguas aos montes marxinais, aos máis pobres matos zimarróns, impedíndolles a baixada aos vales a golpes de machada cando non a tiros, creando os coñecidos e

interminábeis conflitos entre besteiros e agricultores, dicía que noutros tempos sobre esta bendita terra criáronse magníficos cabalos de sela. Espinosa, erudito gondomareño, na súa obra “Casas y cosas del Val Miñor”, cóntanos como don Gregorio de Castro y Oya, fidalgo miñorano, puxo das súas expensas cincocentos homes a cabalo a disposición da raíña rexente Mariana de Austria, viúva de Filipe IV e sogra da de Neoburgo de Mugar dos, para defender os seus dominios europeos fronte a Francia na chamada guerra da Devolución, alá pola segunda metade do século XVII. Pero este dato, con todo o que significa de que en plena decadencia e tras varios séculos de guerras se puidese aínda remontar un anaco de cabalería cos recursos dun simple Maiorazgo, é pouco relevante comparado coas referencias históricas que temos de finais do século IX, de cando Alfonso III o Magno, rei de Galicia, e unha vez rematada a segunda basílica de Santiago, a que substituíu á máis humilde “pequeña obra de piedra y tierra” de Afonso II o Casto, a que destruíra Almanzor e duraría ata a construción, polo bispo Peláez, da actual catedral, enviou unha embaixada a Roma a pedir beizóns para a consagración do novo templo. O Papa Xoan VIII, acabado de nomear, contesta con dúas epístolas de discutida veracidade. Así di a primeira:

“Xoan bispo, servo dos servos de Deus, ao noso amado fillo Afonso, glorioso rei das Galicias. Recibindo a carta da vosa devoción e entendendo por ela como sodes devoto da nosa Santa Igrexa, dámosvos de moitas maneiras as grazas, pedindo ao noso Señor que creza o vigor e forza do voso reino e vos conceda vitoria dos nosos inimigos. Porque nós, fillo carísimo, suplicamos ao noso Señor con moito coidado, como nos pediches, que governe o voso reino e a vós vos libre e vos garde e vos defenda e vos ensalce sobre todos os vosos inimigos. E facede que os bispos de España consagren a igrexa do Apóstolo Santiago e celebre concilio con eles. E sabede, glorioso rei, que tamén nós como vós, achámonos moi fatigados dos mouros e de día e de noite pelexamos con eles; mais Deus Todopoderoso dános deles vitoria e trunfo. Por isto pedimos a vosa benignidade, e volo pregamos con instancia, que porque, como dixemos, somos moi oprimidos dos mouros, nos enviedes con armas algúns bos e proveitosos cabalos mouriscos, daqueles que os españois chaman cabalos alfaraces, os cales recibindo loemos ao Señor e a vós vos damos as grazas e volo agradezamos con reliquias do Apóstolo san Pedro que vos levará o que os trouxese. Deus vos garde, fillo amantísimo e rei carísimo.”

O pulo relixioso e económico de Compostela provocou celos cando non manifesta hostilidade noutras dioceses que se expresaba de diversos xeitos: desde a inxenua recomendación “quen vai a Santiago e non ao Salvador (Oviedo) vai ver ao criado e non

ao Señor” ata a descualificación que chega desde Toledo, onde o arcebispo Jiménez de Rada afirma que a predicación do apóstolo en España era un conto de monxas e viúvas beatas.

Outra fronte de loita é a dos eruditos parciais pondo en solfa a autenticidade dos documentos santiaguistas. Chegouse a dubidar, e mesmo negar, a existencia do bispo Teodomiro, menos mal que se atopou nas escavacións deste século a súa lauda sepulcral, se non, tivéranos borrado da historia. Desta persecución non se librou a epístola dos alfaraces da que se afirmou que era “disparatada e apócrifa”, e como principal elemento de proba da súa falsidade expúñase a seguinte tese: “Precisamente foi este Papa -escribe Lafuente- o que, polo seu carácter tímido, alcumouse polos romanos, e sobre isto se inventou a ridícula fábula da papisa Xoana. Tan distante estaba o Papa Xoán VIII de pedir cabalos alfaraces!”

Como se ve no argumento, pretendidamente rotundo, carece de sustentación, por moi delicado que fose o pontífice ou aínda no caso que fose realmente muller, ía renunciar ao único medio de transporte da época? Por certo, hai quen pensa que a lenda da existencia dunha papisa podería estar relacionada co trono procesional que ata Pío XII usaban os pontífices nos actos de especial cerimonia e que se chamaba cadeira xestatoria, coma se este último adxectivo tivese algo que ver coa reprodución, cando, tanto en latín como en castelán ou galego, só significa que a cadeira é de mans ou o que é o mesmo que ten andas para levala a ombros.

Lonxe desta anécdota hai constancia da sona dos alfaraces da Limia, e curiosamente de que se deixaban montar por mulleres, nun documento datado o 1 de marzo do 989, recollido polo coengo López Ferreiro na súa historia da Santa, Apostólica e Metropolitana Igrexa de Santiago de Compostela, no que nos conta como o diácono Odoino, parente de san Rosendo e príncipe de Celanova coma o foi, ao seu xeito, outro entrañábel Ferreiro, Celso Emilio, regala a dona Gunderote uns cabalos alfaraces e ao rei outro cabalo alfaraz da Limia taxado en 120 soldos. Armando Cotarelo, na súa obra “Alfonso II o Magno, último rei de Oviedo e primeiro de Galicia”, por certo, prologado por don Manuel, apostila: “Velaquí, pois, os cabalos que tanto chocaron a Lafuente regalados non xa a un Pontífice afeminado, senón a unha verdadeira muller.”

Mesmo don Claudio Sánchez Albornoz, gran revelador de lendas, admitiu como boa a epístola dos alfaraces: “...non hai nela nin avultamentos nin hipérboles nin quimeras.” O Papa respondía a unha misiva real cualificando a don Afonso de rei de Galicia, desexando que Deus o protexese e ao seu reino, autorizándoo a consagrar a igrexa apostólica, desexándolle que trufase dos pagáns, referíndolle que el tamén había

de enfrontalos e pedíndolle uns cabalos mouriscos chamados alfaraces.

Queda, pois, ben claro que a finais do século IX producíanse en Galicia, cando menos pola comarca da Limia, cabalos aptos para remontar a cabalería lixeira e que disto tiñan constancia alén das fronteiras hispánicas e que se coñecían coa sona de alfaraces, termo que manteñen os dicionarios español e portugués e que non debe estrañarnos en Galicia, que se ben é verdade que os mouros no curto espazo que andaron por estes pagos, catro ou cinco décadas, apenas si chegaron a dominar a terra que pisaban en cada momento e non puideron influír directamente na toponimia nin na linguaxe, pero si o fixeron e con forza, a través dos monxes mozárabes que en varias ocasións fundaron mosteiros e que chegaron a ter gran influencia tanto económica como intelectual en toda Galicia. Sen ir máis lonxe, o teito de Galicia, Manzaneda, non se chama así porque alí se produzan mazás, nesas alturas non hai maceiras, aparte de que todos os fitónimos, por certo moi numerosos, que veñen da abundancia de mazás, chámanse sempre Maceda, Maceira, Pumar, Pumares, Pumariño, etc. Manzaneda seguiu posibelmente o mesmo percorrido que o barrio e a colexiata de Castroxeriz, monumento do Camiño de Santiago á sombra dos lenzos dunha antiga forteza, que toman o nome da Virxe da Maceira que non é outra que á que canta Afonso X como Nosa Señora de Almazán nas súas cantigas á Virxe de Catroixeriz. Evidentemente os *almazanes* e os *manzanares* que dan sona aos pobos que naceron como burgos dunha fortaleza non son terras de frutais, como non o é Cabeza de Manzaneda, que o seu nome vén do vello castelo, bautizado así polo romance arabizado dos exiliados monxes mozárabes de Montederramo?, Sobrado?, Servei?

Todo o anterior deberíamos ir comprobalo in situ, cabalgando polas corredeiras en soberbios alfaraces, aínda que tamén é verdade que sobre as facas galizanas iríamos máis seguros monte arriba, gabeando entre riscos, con pisadas firmes e seguras que para si quixerían as cabras, iso si, a cambio de perder algo de feitura.

Os alfaraces da Limia aínda están vivos, galopan, rinchan e estremecen o chan ao aire de carga no zócalo dun dos púlpitos da Catedral que, como non podía ser doutro xeito, é o da epístola. Esta galopada (1585) saída do buril do mestre reloxeiro-broncista Juan Bautista Celma, comenzara, sen dúbida algunha, nas miniaturas que iluminan a Executoria Real (1576) da chancillería de Granada, coa que Filipe II defende e confirma o Voto de Clavijo, que se garda no arquivo catedralicio, do mesmo xeito que para o outro zócalo, o do púlpito do Evanxeo, as escenas da vida do Apóstolo veñen da custodia de Antonio de Arfe. Uns e outros son de sangue árabe, os xenuínos alfaraces, únicos na iconografía ecuestre da Catedral, onde, coa excepción da sublonxínea faca galiciana de perfil recto que monta o Apóstolo no tímpano de Clavijo, domina a raza española desde o

procesional de Gambino ata o que coroa o altar maior, obra pouco afortunada de Mateo de Prado, pasando pola harmonía xenial dos perfíles convexos dos cabalos dos Reis Magos na imposta esquerda do pórtico da Corticela, só comparábeis aos que montan Roldán e Ferragut no duelo do capitel de Estella.

Salvador Zunzunegui Costas

Coronel de Cabaleiría